

1.- Número 42 de INFORMEST

Está dispoñible na páxina web da SGAPEIO, apartado de PUBLICACIÓN, o **número 42 de INFORMEST**. Este número ten o seguinte sumario:

- Colaboración: Algunhas alternativas á Lei Electoral española.
- Recensión bibliográfica: Vitaminas Matemáticas, de Claudi Alsina.
- Actividades da SGAPEIO:
 - Xornada de formación para elaborar proxectos de Estatística.
 - Asemblea Xeral da SGAPEIO de outubro 2015: un resumo.
- Novas do IGE: Últimas novidades en publicacións e documentos do IGE.
- Traballos de Estatística no SUG: Teses e traballos fin de Grao e Máster.
- Coñecendo a unha socia da SGAPEIO: María Martín Vila.
- Sabías qué?: Esperanza de vida.

Máis información: www.sgapeio.es

2.- VI Incubadora de Sondaxes e Experimentos

Lembramos que está aberta a convocatoria da **VI Incubadora de Sondaxes e Experimentos** para proxectos de Estatística e Investigación de Operacións realizados por estudantes de ESO, PCPI, Bacharelato e Ciclos Formativos de Grao Medio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O período de inscrición no concurso é do 1 ao 17 de abril de 2016.

Toda a información relativa a esta convocatoria pode consultarse na páxina web da SGAPEIO: www.sgapeio.es.

3.- II Encontro Galaico-Portugués de Biometría (BIOAPP2016)

Queremos facer unha corrección á circular que enviamos o pasado martes con información sobre BIOAPP2016: a data límite para o envío de comunicacións é o **31 de marzo**, non o 30 de marzo.

Aproveitamos tamén para anunciar que a **Cátedra Luis de Camoens** Universidad Carlos III de Madrid-Banco de Santander patrocina un **PREMIO**, dotado con 500 €, á mellor comunicación sobre aplicacións en Ecoloxía ou Ciencias do Medio Ambiente entre as presentadas neste II Encontro Galaico-Portugués de Biometría por un investigador/a novo/a.

En breve publicaremos as bases do premio na páxina web do congreso:
<http://biometria.sgapeio.es>

4.- II Xornadas Científicas de Estudantes da SEB

A Sociedade Española de Biometría organiza as II Xornadas Científicas de Estudantes, que se celebrarán os días 8 e 9 de setembro de 2016 no Parque de Investigación Biomédica de Barcelona.

- Inscripción gratuíta e con certificado de asistencia.
- Todas as sesións son plenarias, incluída unha de pósteres.
- Curso gratuíto, de aproximadamente 2 horas de duración, e con certificado: Introducción a Shiny R Studio.
- Mesa redonda: Os retos da SEB.

Para participar hai que enviar un resumo dun máximo de 300 palabras **antes do 30 de xuño** de 2016, e ser socios da SEB.

Máis información: <http://www.biometricsociety.net/ii-jornadas-cientificas-de-estudiantes-de-la-seb/>

5.- V edición do concurso Explícoche Matemáticas 2.0.

Explícoche Matemáticas 2.0 é un concurso dirixido ao alumnado do Sistema Universitario de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo) e a estudantes de 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de Bacharelato dos centros de educación secundaria de Galicia.

Organizado pola Facultade de Matemáticas da USC en colaboración coa Fundación Barrié e o SNL, o obxectivo do concurso é promover a utilización do galego como medio de transmisión das Matemáticas, así como a creatividade do alumnado, a través da realización de curtametraxes de dous minutos de duración nas que se explique en galego un concepto matemático.

Para concursar no Proxecto Explícoche Matemáticas 2.0, cada participante ou grupo participante debe preparar un vídeo de 2 minutos de duración máxima sobre un tema relacionado coas Matemáticas e onde a lingua empregada sexa o galego.

Os proxectos deberán remitirse **ata o 22 de abril** de 2016.

Máis información:
http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/CNL/explicoche_matematicas_2_0_2016/bases2016.html

6.- ASA releases statement on statistical significance and p-values

The American Statistical Association (ASA) has released a “**Statement on Statistical Significance and P-Values**” with six principles underlying the proper use and interpretation of the p-value. The ASA releases this guidance on p-values to improve the conduct and interpretation of quantitative science and inform the growing emphasis on reproducibility of science research. The statement also notes that the increased quantification of scientific research and a proliferation of large, complex data sets has expanded the scope for statistics and the importance of appropriately chosen techniques, properly conducted analyses, and correct interpretation.

The statement’s six principles, many of which address misconceptions and misuse of the p-value, are the following:

1. P-values can indicate how incompatible the data are with a specified statistical model.
2. P-values do not measure the probability that the studied hypothesis is true, or the probability that the data were produced by random chance alone.
3. Scientific conclusions and business or policy decisions should not be based only on whether a p-value passes a specific threshold.
4. Proper inference requires full reporting and transparency.
5. A p-value, or statistical significance, does not measure the size of an effect or the importance of a result.
6. By itself, a p-value does not provide a good measure of evidence regarding a model or hypothesis.

The statement has short paragraphs elaborating on each principle: <http://amstat.tandfonline.com/doi/abs/10.1080/00031305.2016.1154108#.Vt2XIOaE2MN>

7.- Bolsa para graduados en Estatística

A empresa Enagás oferta unha bolsa para realizar tarefas de apoio nos procesos e nos sistemas de información implicados no cálculo da retribución, na xestión da tramitación dos ingresos regulados e da obtención dos mesmos a través do sistema de liquidacións.

Requisitos:

- Licenciatura en Estatística/Matemáticas.
- Nivel de Ofimática alto.
- Imprescindible nivel alto de inglés.

Máis información: <https://goo.gl/AGP9pz>

Un saúdo,
SGAPEIO

Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>